



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 802 Semana do 8 ao 14 de outubro de 2018

**O SINDICATO RECOLLE A OFERTA PARA INICIAR O DIÁLOGO SOCIAL CANTO ANTES**

## UGT-GALICIA VALORA O OFRECEMENTO DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA RELANZAR O DIÁLOGO SOCIAL CO FIN DE ACADAR MÁIS E MELLOR EMPREGO

**UGT tamén valora a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública trala campaña promovida polo Sindicato neste senso**

**Redacción.-** UGT-Galicia valora o ofrecemento do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para relanzar o diálogo social, feito na súa intervención do debate sobre o Estado da Autonomía 2018, pero lembra que é preciso aproveitar o tempo para mellorar o mercado de traballo galego, as condicións laborais e o reparto da riqueza para o conxunto dos galegos e galegas.

O diálogo social foi practicamente inexistente. Isto impediu avanzar nas propostas feitas por UGT ao comezo da lexislatura. Todas estas propostas aínda viventes e que teñen como finalidade mudar as actuais políticas económicas co fin de acadar un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade, á vez que hai que acometer medidas para reducir as desigualdades.

UGT-Galicia considera que hai un crecemento evidente da economía que non se está repartindo xustamente. Concretamente, a economía galega encadea taxas de crecemento interanuais iguais ou superiores ao 3% pero, con todo, as familias seguen sen percibir esta melloría.

### É necesario un reparto máis equitativo da riqueza

Aínda que Galicia recupera o nivel de PIB de 2007, ten 140.000 empregos menos que neste ano. As remuneracións dos salarios perden peso no PIB; de feito, o 30,8% dos asalariados galegos declaran un salario medio igual ou inferior ao SMI. A reforma laboral, co poder outorgado ao empresariado e coa creba da negociación colectiva, tirou á baixa o emprego e os salarios.

O emprego non remonta como debería. O PIB medra arredor do 3% no último ano e o emprego o fai nun 1,8% e nun mercado laboral moi reducido, con tan só 1.050.000 persoas ocupadas, fronte aos 1.200.000 empregos que había antes da crise. Estes datos reflicten un mercado laboral con menos oportunidades

e con profundas deficiencias, como a precarización do mesmo, cunha taxa de temporalidade do 27%.

Cunha taxa de paro do 15,7%; con case 90.000 persoas que levan máis dun ano no desemprego; son 61.000 os fogares nos que todos os membros están no paro e 34.000 sen perceptores de ingresos. Todo isto conduce a situacións realmente precarias por falta de cobertura ao desemprego, tan só 81.000 persoas perciben algún tipo de cobertura e cada vez esta é máis de carácter asistencial.

Con este escenario, está claro o deterioro da calidade de vida da cidadanía, cunha taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galicia xa do 22,6%.

Neste contexto, en Galicia urxe un plan de choque polo emprego; un plan industrial de carácter estratéxico; dinamizar as zonas rurais; e os servizos públicos teñen que recuperar o seu papel central no estado do benestar como garantes da cohesión social. Neste senso, en materia de condicións laborais dos empregados públicos, o Sindicato esixe da Xunta unha negociación real para trasladar aos funcionarios e o persoal laboral da Administración autonómica o Acordo estatal de recuperación de emprego, salarios e dereitos de marzo de 2018.

Neste senso, o Sindicato valora o feito de que os empregados da Xunta volvan a percibir o cen por cento das súas retribucións cando se atopan en situación de incapacidade temporal, medida que xa foi tomada na maioría das comunidades autónomas.

### Cláusulas sociais na contratación pública

UGT-Galicia valora tamén o anuncio do presidente da Xunta de adoptar a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública para garantir a calidade do traballo. Esta é unha proposta realizada por UGT-Galicia a través



dunha campaña posta en marcha o pasado mes de setembro de 2017.

Nesa campaña, UGT-Galicia solicitaba a todas as administracións públicas, Xunta, deputacións e concellos a adopción dun novo modelo de cláusulas sociais na contratación pública, baixo criterios de homoxeneidade e consenso cos axentes sociais que sexa una guía para o conxunto de administracións da nosa Comunidade autónoma. É necesario unificar criterios en todas as administracións e acabar así coa actual discrecionalidade existente que tanto prexudica á economía galega. A contratación pública no noso país ten un importante problema, a baixa presión competitiva derivada da baixa concorrència.

É o momento de considerar que a contratación pública é unha política pública máis. A través da mesma, os nosos poderes públicos participan de forma directa e/ou indirecta no desenvolvemento socioeconómico e político da nosa comunidade autónoma. Por isto, as administracións públicas deben comprometerse a non permitir a explotación de traballadores e traballadoras con diñeiro público. Por iso, dende UGT-Galicia esiximos a introdución de cláusulas sociais nos contratos públicos.

A súa regulación é, polo tanto, un instrumento fundamental para impulsar un modelo de Administración Pública, un modelo de mercado produtivo e un modelo de sociedade que asuma melloras de carácter social, medioambiental e laboral, con fundamento no interese público. Pero tamén é preciso solventar a falta de competencia e corrupción que existe en torno a ela, que a Comisión Nacional dos Mercados e Competencia cuantifica no 4,5% do PIB do Estado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## FESP APOIA AS REIVINDICACIÓNS DOS PROFESORES DE HISTORIA E INSTA Á CIUG A REVISAR O MODELO DE EXAME E OS CONTIDOS DAS ABAU PARA ESTE CURSO

**Redacción.-** Despois de que a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) dese a coñecer a ampliación dos contidos da materia de historia de España para as probas de acceso á universidade para este curso, FeSP amosa o seu apoio ás reivindicacións dos profesores de xeografía e historia que solicitan o mantemento do modelo de exame e contidos avaliados do curso pasado, así como, abrir un proceso de diálogo entre a CIUG e a comunidade educativa para tratar sobre este asunto.

Tras consultar con varios docentes especialistas na materia, FeSP entende que a ampliación de tres bloques de contidos, así como de numerosos conceptos de vocabulario, non ten en conta as particularidades desta Comunidade autónoma.

En primeiro lugar, querer examinar da totalidade dos contidos curriculares non é o dispoño na LOMCE, xa que esta lei tan só

esixe que, como mínimo, as probas ABAU avalíen polo menos o 70% dos estándares de aprendizaxe da materia, porcentaxe que se cumpre cos contidos referidos aos séculos XVIII, XIX e XX.

Por outra banda, querer avaliar ao alumnado da totalidade dos contidos curriculares non ten sentido cando esta materia só dispón de tres horas semanais (un 25% menos que noutras comunidades que se puxeron no seu día para xustificar os cambios), o que significa dispor unicamente de dúas sesións por cada tema, o que, evidentemente, impide que se aborden cun mínimo de rigor pedagóxico todos os contidos a avaliar nas ABAU.

As modificacións que pretende introducir a CIUG este curso non se axustan á realidade educativa da materia e só contribúen a incrementar nerviosismo nun alumnado que se xoga o seu futuro univer-



sitario en poucos días.

Por todo isto, UGT manifesta o seu apoio aos docentes de historia e solicita á CIUG o mantemento do modelo de exame e contidos avaliados do curso pasado e que se inicie un proceso de diálogo entre a CIUG e a comunidade educativa.

## OYSHO SEGUE SEN ESCOITAR ÁS SÚAS TRABALLADORAS E PERMITE O ABUSO POR PARTE DOS SEUS RESPONSABLES

**Redacción.-** Este martes o Comité de empresa de Oysho España S.A. convocou unha concentración diante da tenda de Santiago, na rúa Doctor Teixeiro, para denunciar a reiterada negativa da dirección á hora de solucionar o pésimo clima laboral que existe neste establecemento, igual que no emprazado na centro comercial de Marineda na Coaña.

Despois das continuas queixas por parte dos traballadores, escritos, denuncias ante a dirección... polo reiterado abuso de poder, desprezo, pésima xestión ou faltas de respecto por parte da encargada da tenda de Doctor Teixeiro e do equipo responsable da de Marineda, o único que pretende facer a empresa é trasladar o problema ao resto das tendas.



## A XUBILACIÓN ANTICIPADA DE POLICÍAS LOCAIS SERÁ EFECTIVA EN XANEIRO DE 2019

**Redacción.-** O secretario de Estado da Seguridade Social, Octavio Granado, informou que o colectivo da policía local poderá xubilarse de maneira anticipada aos 59 anos a partir de xaneiro de 2019, tal e como ocorre xa no caso da Policía Nacional e os bombeiros.

O responsable da Seguridade Social

calcula que será ditaminado o proceso a finais de outubro, sendo posteriormente remitido á Comisión de subsecretarios e despois ao Consello de Ministros a finais de novembro ou principios de decembro, aínda que a súa entrada en vigor non será ata xaneiro de 2019.

Os sindicatos, representados pola Pla-

taforma Social de Policía Local (PSPL), á que pertence FeSP-UGT, reiteraron que o ditame se emita con carácter urgente. “É unha noticia importante despois de 13 meses de espera, cun expediente bloqueado por Facenda por causas que descoñecemos, é un alivio para o colectivo que leva moito tempo loitando para que esta medida se faga efectiva”.

# RECLAMA A DEVOLUCIÓN DO IRPF DA TÚA PRESTACIÓN POR MATERNIDADE

**Redacción.-** Por mor da recente sentenza do Tribunal Supremo, Sala do contencioso-administrativo, de data 3 de outubro de 2018, a Unión Xeral de Traballadores desenvolve unha campaña na que insta a que os traballadores/ as reclamen a devolución das retencións de IRPF que indebidamente se lles veu aplicando nas prestacións por maternidade da Seguridade Social.

Para iso, elaborouse un formulario tipo (pódese acceder ao mesmo na páxina web de UGT <https://bit.ly/2PqSLzM>), que debe ser cumprimentado cos datos dos traballadores/ as que desexen reclamar.

Unha vez presentada a solicitude, se no prazo de 6 meses non existe resolución expresa da Axencia Tributaria (AEAT), deberase interpoñer a correspondente reclamación ante o Tribunal Económico Administrativo. Se finalmente a resolución deste último fose negativa abríriase entón a vía xudicial.

En principio pódese reclamar a devolución desde o exercicio 2014.

## Formas de presentar a solicitude:

### SOLICITUDE DA DEVOLUCIÓN POR ESCRITO

•Presentar o formulario escrito solicitando a “rectificación da autoliquidación do IRPF do exercicio correspondente” dirixido á Administración da AEAT onde teña o seu domicilio fiscal. Por percibir a prestación de maternidade por parte da Seguridade Social, declarada exenta por sentenza do Tribunal Supremo.

•Devandito escrito pode presentarse no Rexistro da AEAT ou en calquera Rexistro Xeral.

### SOLICITUDE DA DEVOLUCIÓN POR INTERNET

Outra opción, para os exercicios 2016 e 2017, é realizar a rectificación da declaración presentada a través do programa Renda Web dispoñible na páxina [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es). En ambos casos, tanto no 2016 como no 2017, hai que seleccionar servizo tramitación de borrador/declaración (renda web).

A Unión Xeral de Traballadores pode resolver calquera dúbida a través dos servizos xurídicos nas sedes de UGT.



## UGT PIDE A FACENDA QUE AXILICE A DEVOLUCIÓN DO IRPF POR MATERNIDADE



Tras a publicación da sentenza do Tribunal Supremo que declara as prestacións por maternidade exentas de tributar IRPF, tal e como defende UGT desde 2016, o secretario xeral do sindicato, Pepe Álvarez, enviou unha carta á ministra de Facenda, María Jesús Montero, na que esixe a devolución do que se cobrou así como que sexa o propio Ministerio quen efectúe as devolucións de oficio, sen que as afectadas teñan que interpoñer reclamación algunha.

En contra do criterio interpretativo de Facenda, que mantivo a obrigación de tributación ao considerar as prestacións da Seguridade Social por maternidade como rendementos de traballo non exentas, o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, e agora o Tribunal Supremo, entenden que a interpretación que debe facerse do art. 7. h.) da Lei do IRPF é o de que a prestación de maternidade atópase dentro do ámbito da exención xeral desta disposición, como viña defendendo o sindicato.

A sentenza obriga a Facenda a rectificar e abre a porta á reclamación das traballadoras que percibiron prestación de maternidade desde o ano 2014 (tendo en conta os prazos de prescrición de catro

anos) para que esta devólvalles o imposto da renda das persoas físicas pagado de máis.

A Unión Xeral de Traballadores calcula que a devolución aos contribuíntes que abonaron o imposto entre 2014 e 2017 podería alcanzar uns 1.300 millóns de euros, dos que se beneficiarían de forma maioritaria as traballadoras contribuíntes que dedican o seu tempo ao coidado dos menores tras o seu nacemento ou adopción durante o período das 16 semanas de duración do permiso de maternidade.

Do mesmo xeito, o sindicato interpreta que tamén podería reclamarse a devolución do IRPF pola prestación de paternidade. O principio de igualdade e dereitos iguais para todos parece que teñen que imperar aquí tamén.

UGT xa desenvolveu, no seu momento, unha campaña para que as contribuíntes puidesen reclamar a devolución da cantidade abonada por IRPF pola prestación de maternidade, a través dun formulario realizado polo seu gabinete xurídico, unha campaña que retomará neste contexto para axudar a reclamar a todos os afectados.

## A ATENCIÓN ÁS PERSONAS DEPENDENTES NON PODE CONVERTERSE EN NEGOCIO

**Redacción.-** A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, alertou sobre a situación dos traballadores e traballadoras que realizan tarefas de axuda a domicilio, a través de empresas concesionarias dos concellos, e advertiu que este sector está a converterse “nun nicho para as grandes empresas multiservizos que licitan á baixa e que empeoraron o servizo de atención e as condicións laborais”. Neste sentido, fixo un chamamento ás administracións públicas porque “son elas as que contratan”.

Este sector está altamente feminizado, “son maioritariamente mulleres as que executan as políticas públicas de coidado e as que se encargan dentro das familias”, e só unha minoría son traballadoras municipais.

Así mesmo, denunciou que os recortes unilaterais do Goberno do PP á Lei de Dependencia “converteron un sistema de dereitos, en proceso de desenvolvemento, nun sistema asistencialista”. Neste sentido, sinalou que “se debilitou a intensidade da acción protectora do sistema, diminuíndo o número de horas de axuda a domicilio, ou a contía das prestacións económicas ou atrasando o momento de percepción de prestacións económicas recoñecidas”.

Antoñanzas fixo estas declaracións durante a presentación do estudo da Federación de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos de UGT ( FeSP-UGT) “O traballo

de axuda a domicilio en España”.

### España entre os países que menos recursos dedican ás persoas dependentes

A vicesecretaria xeral de UGT lembrou que “a atención ás persoas en situación de dependencia é un dos alicerces do Estado de benestar, con todo, España está no vagón de cola dos países europeos que dedican menos recursos á dependencia. O noso país dedica só o 0,7% do PIB, fronte ao 1,8% da media europea e lonxe de países como Dinamarca que dedica o 4,5% do seu PIB ou Italia, co 1,8% do seu PIB.

Resaltou que “o Estado foi diminuíndo a súa achega ao sistema” e que se pasou de destinar un 24,1% nos Orzamentos ao 16,3%, mentres aumenta o número de persoas maiores. Así mesmo, advertiu que a OCDE sinala a España como “un dos países con cobertura máis reducida”.

Dixo que son “as comunidades autónomas, os concellos e os usuarios os que están a asumir o peso” da Lei de dependencia e que se produce un problema de desigualdade territorial, “hai coberturas dispares, tanto no grao de protección como na calidade do servizo”.

### Unha resposta integral



Antoñanzas dixo que é necesaria unha “resposta integral e integrada de atención e coidados básicos ás persoas en situación de dependencia e ás súas familias”, o que implica a mellora constante do sistema, e da axuda a domicilio, co uso das novas tecnoloxías e coa formación profesional continua de quen presta os servizos.

Concluíu que UGT seguirá defendendo unha Lei de dependencia xusta, con financiamento suficiente e con condicións laborais dignas para os traballadores e traballadoras, o que repercutirá nun servizo de calidade aos usuarios.

Na mesma liña, expresáronse o resto dos relatores. Advertiron sobre a precarización das traballadoras de axuda a domicilio, demandaron que se poña en valor o seu traballo, denunciaron as diferenzas territoriais na aplicación da Lei de dependencia e na axuda a domicilio e pediron avanzar na municipalización deste servizo, o que permitirá mellorar así as condicións laborais destas traballadoras.

## UGT pídelo ao Goberno que apoie a clasificación dos fumes diésel como canceríxenos con límite de exposición

**Redacción.-** Hoxe reuniranse de novo os gobernos, o Parlamento e a Comisión para seguir coa negociación da segunda revisión da Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos ou mutáxenos durante o traballo.

Unha das cuestións clave, por ser de esencial importancia para a saúde e a seguridade de millóns de traballadores e traballadoras en Europa, xira ao redor das emisións de escape de fumes diésel ( DEEE polas súas siglas en inglés). Recentemente, presentouse un informe por parte da Presidencia

Austríaca que apoia o punto de vista do movemento sindical europeo e do Parlamento Europeo e que incluíría ás DEEE no Anexo I da Directiva (clasificándoas como axente canceríxeno) e no Anexo III, fixando un límite de exposición profesional obrigatorio medido como carbono elemental e establecendo períodos de transición para as actividades de minería subterránea e construción de túneles.

Existe unha maioría significativa que se cunda esta proposta, son xa 13 os países que a apoian, pero necesitan máis apoios. Por ese motivo, desde UGT e CCOO dirixímonos ao Goberno de España para solicitar

que se pronuncie publicamente apoiando unha proposta que redundaría, sen dúbida, nunha mellora substancial da seguridade e a saúde das traballadoras e os traballadores europeos. As DEEE son mesturas complexas e non homoxéneas de gases, aerosois e partículas, resultado da combustión do combustible diésel. En 2012, a Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro clasificou as DEEE como canceríxenos tipo 1 ( canceríxeno en humanos probado). A exposición ocupacional ás DEEE pode ocorrer en múltiples sectores e estímase que entre 8 e 19 millóns de persoas están expostas nos seus traballos ás DEEE en Europa.

## UGT URXE A ADOPTAR MEDIDAS XA PARA QUE OS SALARIOS SUBAN MÁIS QUE OS PREZOS

**Redacción.-** A subida do IPC no mes de setembro (a taxa mensual aumentou un 0,2% respecto ao mes de agosto e a taxa interanual sitúase xa no 2,3%) volve evidenciar que os traballadores seguen perdendo poder adquisitivo, pois mentres se aceleran os prezos de gastos esenciais, asociados á vivenda, os salarios non crecen ao mesmo ritmo, senón por baixo da inflación.

Por iso, UGT insta a adoptar medidas xa. Neste sentido, reclama aplicar os criterios do pacto salarial do AENC, sobre todo, para que ningún traballador teña un soldo inferior a 1.000 euros ao mes e reverter as



medidas máis agresivas da reforma laboral, para mellorar a calidade do emprego.

Así mesmo, demanda solucións inmediatas para poñer coto a un aumento desproporcionado dos beneficios dal-

gúns sectores, á conta do peto dos cidadáns, e insta a aproveitar o período de crecemento para cambiar o noso modelo produtivo, apostando por máis industria, máis I+D, máis formación e empregos de calidade.

## UGT TRANSMITE O SEU PÉSAME POLA TRAXEDIA DE SANT LLORENÇ

**Redacción.-** UGT mostra a súa preocupación e dor pola traxedia ocorrida en Mallorca como consecuencia das choivas torrenciais que fixeron desbordarse un torrente e transmite as súas condolencias aos familiares e amigos das vítimas da localidade de Sant Llorenç deas Cardassar.

Así mesmo, expresa o seu recoñecemento ao importante labor dos efectivos e profesionais que están a axudar nas ta-

refas de apoio e rescate das persoas afectadas por esta riada.

Unha vez resolta a situación de emerxencia, será o momento de analizar as causas que levaron a esta traxedia e planificar as medidas para que sucesos como este non volvan ocorrer.



## É O MOMENTO DE ESTABLECER UN NOVO COMPROMISO SOCIAL

**Redacción.-** A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, manifestou que UGT está a conmemorar o seu 130 aniversario para poñer en valor o papel do sindicato no logro das conquistas sociais, para recuperar a memoria histórica pero tamén para avanzar no presente e, sobre todo, cara ao futuro, “porque aínda queda moito por facer”. Antoñanzas destacou a importancia de ter uns sindicatos fortes que defendan aos traballadoras e traballadoras, nas empresas ou a través do diálogo social (neste sentido, afirmou que espera que, en breve, ese diálogo co Goberno dea os seus froitos). O obxectivo é mellorar as condicións laborais e sociais dos cidadáns do noso país, “para iso nacemos hai 130 anos e niso imos empregar o noso tempo nos próximos 130 anos, que esperamos cumprir”.

A vicesecretaría xeral de UGT relatou que o capitalismo do século XXI “serviuse da recente crise económica para arrebatarnos dereitos e tentar aniquilar calquera vestixio de resistencia, e UGT forma parte desa resistencia. Somos moi incómodos, porque somos unha barreira para contrarrestar o poder empresarial e político que atenta contra os dereitos e in-

tereses dos traballadores e traballadoras”.

Denunciou que na última década impúxose un modelo económico, social e laboral que rompeu as regras de convivencia colectivas e no que prevaleceron os aspectos comerciais e económicos, sobre os dereitos sociais e laborais. A consecuencia de romper este modelo é o conflito social, o descontento e o auxe dos extremismos en España, en Europa e no mundo. Neste sentido, sinalou a preocupación do sindicato polo avance da extrema dereita.

Manifestou que “é o momento de establecer un novo compromiso social” porque hai unha maioría cidadá e parlamentaria, no noso país, e un diálogo social, co Goberno, que pode reverter as cousas e avanzar no progreso social e económico.

“As organizacións sindicais estamos en posición de facer esta aposta de futuro, con negociación, pero se non dá resultados, con mobilización. É necesario sumar forzas para cambiar o rumbo das políticas, recuperar os dereitos arrebatados e repartir a riqueza”- dixo.

Antoñanzas resaltou a necesidade de “recompoñer as relacións laborais, en termos de igualdade” e lembrou as propostas sindicais para acabar cos recortes nos distintos ámbitos. Neste sentido, incidiu en terminar coa alarmante precariedade do emprego e esixiu salarios dignos.

Respecto ao futuro do traballo, ademais de demandar unha industria forte- debería elevar o seu peso ata o 20% do PIB- referiuse ás novas formas de traballo e á dixitalización da economía. “As organizacións sindicais teremos que facer fronte ás novas formas de traballo, tecendo unha rede de protección para as traballadoras e traballadores”.

Afirmou que o Executivo debe capitanear os cambios “porque así o expresou cando asumíu a súa responsabilidade e é o que demanda a cidadanía. É unha cuestión de xustiza social”. Concluíu que “hai que pasar aos feitos, adoptar medidas, a través do diálogo social, e construír un novo futuro, incorporando, en condicións de igualdade, á mocidade, as mulleres e ás persoas maiores. O obxectivo: o progreso social”.